

Final do Rally Matemático 2013 – 4º ESO


Exercicio 1 *Baleirou a súa carteira*

Pedro fai as súas compras en dúas tendas. En cada unha delas gasta a metade da suma que tiña ao entrar nesa tenda máis 20 euros. Ao saír da segunda tenda xa non lle queda nada.

Que cantidade tiña antes de entrar na primeira tenda?

Exercicio 2 *Da área ao tempo*

ABCD e IEFB son dous cadrados, I é o punto medio de [AB].
Un ciclista percorre o circuíto AIEFBCDA á velocidade de 20 km/h.
A área da zona sombreada é igual a $1,25 \text{ km}^2$.



1. *Calcular a lonxitude de AD.*
2. *Canto tempo lle leva ao ciclista dar a volta ao circuíto?*

Exercicio 3 *Ir – Volver*

Cada día, Manuel vai ao traballo camiñando e volve á súa casa en bicicleta, ou ben vai a traballar en bicicleta e volve camiñando. Dunha forma ou outra, esta ida e volta dura unha hora e media. Se utilizase a bicicleta para ir e para volver, faríao en trinta minutos.

Canto tempo tardaría en facer a ida e volta a pé?

Exercicio 4 *Especial Ano internacional e Galego da Estatística*

O mapa da TV para o prognóstico do tempo presenta unha imaxe de nubes e choiva co símbolo 30%



¿Qué significa unha probabilidade do 30% de que mañá vai chover?

Elixide a resposta entre as seguintes:

- a) 30% de 12 horas é aproximadamente 3,5 horas, entón teremos 3,5 horas de chuvia mañá.
- b) 30% é menos que $\frac{1}{2}$, entón teremos chuvia menos da metade do día
- c) 30% é menos que o 50%, entón con máis sorte que non, teremos un día seco mañá
- d) non se pode dicir porque o prognóstico do tempo a miúdo está equivocado.